



Federación Ecoloxista Galega

1990-2010 Vinte anos traballando a prol dunha Sociedade Sustentábel

A Federación Ecoloxista Galega, FEG, está formada por 18 colectivos do país (ADEGA, ADENCO, APDR, Asemblea do Suido, CES, Coto do Frade, Guerrilleiros das Fragas, G. N. Hábitat, Luita Verde, MEL, Naturviva, Néboa, Niño de Azor, Oureol, Vaipolorio, Verbo Xido, Verdegaia, XEVALE) desenvolvendo actividades no eido da biodiversidade e espazos naturais, residuos, enerxía e transporte...

A FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA CONVOCA UN ACTO EN DESAGRAVIO COS CARBALLOS NA CARBALLEIRA DE MEILIDE (CONCELLO DE CERDEDO)

As políticas forestais das nosas administracións están a levar á desaparición aos nosos sistemas forestais naturais; os bosques e as matogueiras ocupan cada vez menor extensión, mentres os monocultivos de especies pirófitas, os incendios e a destrución de solo que levan asociada, proliferan. O noso monte empobrécese en biodiversidade, en usos e recursos e empobrece ás comunidades rurais que del dependen.

Por outro lado futuro non é en absoluto prometedor. Unha recente Lei de Montes ao servizo das grandes empresas forestais, non presta a necesaria atención á conservación dos ecosistemas naturais que forman parte do monte e que significan unha grande reserva de biodiversidade e recursos. Unha Lei que non incide na necesidade da diversificación e sustentabilidade na obtención de produtos forestais. Unha Lei que favorece a extensión de monocultivos industrializados de especies exóticas, que incrementan a degradación dos solos e o empobrecemento dos montes.

O combate contra o lume forestal ven sendo un dos aspectos máis evidentes da mala planificación forestal. Limitado polos recortes, a falla de interese pola conservación e o servilismo aos intereses de empresas con prácticas forestais degradantes, o Plano de Incendios (PLADIGA) deste verán, reduce a vixilancia e o esforzo en extinción, abandona a prevención e deixa na man da meteoroloxía a superficie queimada. Dende fai anos se ven pedindo unha prevención a medio e longo prazo, que diminúa a cantidade e calidade do combustible do monte, que fomenta os recursos sostibles, que protexa a biodiversidade e que mellore a percepción e o uso social do monte, sen que se atenda a esta demanda social.

Porén, as decisións da Xunta van en sentido contrario e amosan unha grande falla de interese por un futuro sostible dos nosos recursos forestais. O recente intento de autorizar fumigacións masivas, deseñadas por ENCE cun insecticida prohibido na UE e que poñen en perigo non so os recursos apícolas senón a agricultura e a biodiversidade vexetal ao atentar contra as abellas, importantes polinizadoras, amosa cara onde se orientan as políticas forestais en Galicia.

Unha das agresións máis tristes e esperpénticas aos bosques a constitúe a curta de carballos ordenada polo Alcalde do Concello de Cerdedo. Amparándose nunha suposta xestión de biomasa para a prevención de lumes e facendo unha lectura segada da Lei 3/2007, estase a promover a curta de árbores autóctonas, especies non pirófitas e polo tanto protectoras dos incendios, moitas delas de grande antiguidade, diante do silencio da Consellería do Medio Rural.

Facemos, pois, un chamamento á cidadanía para a defensa dos nosos bosques naturais, imprescindibles para o futuro da nosa sociedade, e **animamos a todos e todas a participar no acto de desagravio cos carballos que celebraremos nunha das zonas agredidas, na Carballeira de Meilide, o sábado 21 de xulio ás oito da tarde.**